

Acta da reunión do Consello de Departamento

ASISTENTES

Álvarez Sabucedo, Luis M.
 Anido Rifón, Luis E.
 Blanco Fernández, Yolanda
 Caciroy Rodríguez, Manuel
 Costa Montenegro, Enrique
 Díaz Redondo, Rebeca P.
 García Duque, Jorge
 Gil Castiñeira, Felipe J.
 Gil Solla, Alberto
 González Castaño, Francisco J.
 Herrería Alonso, Sergio
 Llamas Nistal, Martín
 López Ardao, José C.
 López Bravo, Cristina
 López García, Cándido A.
 López Nores, Martín
 Mikic Fonte, Fernando A.
 Pazos Arias, José J.
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rodríguez Hernández, Pedro S.
 Santos Gago, Juan M.
 Sousa Vieira, Estela
 Suárez González, Andrés

ESCUSAN ASISTENCIA

Burguillo Rial, Juan C.
 Fernández Veiga, Manuel
 Fernández Vilas, Ana
 Lago Ramilo, Marcos
 Rodríguez Pérez, Miguel
 Rodríguez Rubio, Raúl F.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 13 de setembro de 2018, convocada para as 9:45 horas en primeira convocatoria e para as 10:15 horas en segunda convocatoria no salón de Graos da E.E. de Telecomunicación.

O xoves 13 de setembro de 2018 ás 10:20 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 13 de xullo de 2018.

2. Informe do Director.

O Director lembra que, dacorda ás instrucións recibidas dende o Rectorado, está aberto o prazo para presentar candidaturas á Dirección do Departamento ata o día 21 de setembro. A elección da nova directiva terá lugar nun Consello de Departamento que se celebrará a partir do día 10 de outubro.

3. Valoración dos proxectos presentados polos candidatos ás bolsas de colaboración de Departamento para o curso 2018-2019.

Apróbase asignarlle a puntuación máxima (4 puntos) a cada unha das tres propostas de proxecto de colaboración recibidas, presentadas por Marta Rodríguez Sampayo, Juan José López Escobar e Carlos Balado Sánchez.

4. Aprobación, se procede, da modificación de grupos de docencia trala matrícula de setembro.

Tendo en conta os acordos alcanzados na CAG celebrada o día 10 de setembro, apróbase que a asignatura "Seguridade" teña un novo grupo B impartido polo profesor Francisco Fernández Masaguer, e un novo grupo C que será asumido por Raúl F. Rodríguez Rubio. Asemade, a asignatura Novos Servizos Telemáticos perde un dos grupos C inicialmente asignados que se descontará da docencia do profesor Juan M. Santos Gago. A docencia para cubrir os dous novos grupos considerárase como sobrevida para o vindeiro curso académico. Esta proposta apróbase por 18 votos a favor e 5 abstencións.

Varios membros do Departamento salientan a necesidade de revisar o procedemento usado para a xestión da docencia sobrevida na elaboración de futuros PODs.

5. Asuntos de trámite.

Non hai.

6. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:40 do día 13 de setembro de 2018, da que eu como Secretaria do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

A Secretaria do Departamento

Dr. D. Francisco Javier González Castaño

Dra. D^a. Yolanda Blanco Fernández